

NOVO PACTO DE SELECCIÓN TEMPORAL PASO DE SEA/RESERVA A VACANTE

Ata agora, no Pacto de Contratacións vixente permitíase que os aspirantes cunha SEA/reserva de praza puidesen cambiar a un contrato de vacante no seguinte chamamento (por unha única vez). Isto tiña a consideración de mellora de vinculación, posto que daquela, no 2018, as SEAs non podían acceder á Carreira Profesional.

Coa execución da **sentenza gañada por CCOO** da Carreira Profesional pola cal **todo o persoal temporal pode solicitar o Grao de Carreira Profesional**, **esta medida deixa de ter obxecto**.

A partir da publicación das listas definitivas de contratación do próximo ano, xa non se vai ofertar esa posibilidade de cambio. Por tanto, **quen estea nuha SEA só lle van ofertar pasarse a vacante** (se lle corresponde pola súa posición na lista) **ata a próxima publicación de listas no ano 2027**.

Para máis información, acode á túa sección sindical de CCOO